




CONSETEMENTO INFORMADO PARA A CESIÓN DOS DATOS DOS RESULTADOS DAS PROBAS DE VALORACIÓN DA CONDICIÓ FÍSICA SAUDABLE DO ALUMNADO

O Plan Galego de Fomento da Actividade Física “Galicia Saudable” promovido pola Xunta de Galicia e coordinado pola Secretaría Xeral para o Deporte, no marco do “Plan Proxecta” da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, está implementando tres programas educativos (Xogade, Máis e Mellor Actividade Física e Proxecto Deportivo de Centro) entre o alumnado galego co obxectivo de fomentar que adquiran e consoliden unha vida activa e saudable. Unha das actuacións contempladas nestes programas educativos é a valoración da condición física saudable do alumnado.

A valoración da condición física saudable pretende medir aquelas cualidades físicas e psicomotoras que está demostrado que gardan relación coa saúde e permite coñecer en qué estado físico se atopa o alumnado para decidir cales son os aspectos que precisan mellorar e cales non. Esta valoración é fundamental para coñecer e facer un seguemento dos seus valores de condición física, a partir dos cales poder deseñar actuacións adaptadas ás súas necesidades.

O profesorado de educación física do centro é o responsable de levar a cabo entre o seu alumnado as probas de valoración da condición física saudable que contemplan a medición do índice de masa corporal, a forza de presión manual, a forza do tren inferior e superior, a flexibilidade, a velocidade e a resistencia cardiorrespiratoria entre outras. A partir dos resultados acadados, tanto desde o propio centro como desde a administración autonómica poderanse planificar actuacións para favorecer que o alumnado manteña unha vida activa e saudable a través da práctica regular de exercicio físico partindo das súas necesidades, as cales se verán reflectidas nos resultados das probas.

O Centro Educativo _____ participa nesta iniciativa do Plan Proxecta, porque é consciente do problema de sedentarismo e inactividade física existente na nosa sociedade actual, traducido nun alarmante incremento do sobrepeso e obesidade e sendo coñecedores de que a inactividade física supón un risco importante para a saúde física e psíquica do alumnado. Unha práctica regular de exercicio físico en nenos/as e adolescentes axuda na prevención e o tratamento da obesidade, de enfermidades cardiovasculares, de alteracións psicolóxicas, da desmineralización ósea, etc.... Así mesmo, esta práctica regular favorece un desenvolvemento global óptimo e a adquisición de valores positivos e dun estilos de vida saudable.

Dado que esta iniciativa está promovida polo Plan Galicia Saudable no marco do Plan Proxecta e co obxectivo de que a Xunta de Galicia e concretamente a Secretaría Xeral para o Deporte poida dispor dos resultados obtidos, solicítase o seu consentimento para que o centro educativo lle facilite á administración autonómica os datos resultantes da valoración da condición física do alumnado 

Os datos para os que se lle solicita autorización resultan necesarios para poder incorporar os resultados das probas do seu fillo/a aos resultados globais de todo o alumnado galego que participe neste programa e polo tanto poder coñecer cal é a condición física do/a seu/súa fillo/a en relación aos valores axeitados. De non facilitalos non será posible a súa participación no programa. Neste sentido, vostede consinte expresamente a recollida e tratamento dos datos para o desenvolvemento das actuacións de valoración da condición física saudable do alumnado galego ao abeiro do Plan Galicia Saudable. Informámolo de que os seus datos non serán tratados para ningunha outra finalidade diferente á descrita.

Os seus datos serán incorporados ao ficheiro “Actividades dirixidas á cidadanía” da Secretaría Xeral para o Deporte. Poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito dirixido ao responsable do ficheiro: Secretaría Xeral para o Deporte, Estadio San Lázaro porta 4. 15781. Santiago de Compostela, achegando copia do seu DNI e, de ser o caso, acreditando representación suficiente, todo o cal se informa en cumprimento do artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Pregámoslle que no suposto de que se produza algunha modificación nos seus datos de carácter persoal no lo comunique co fin de manter actualizados os seus datos de carácter persoal.

Nome e apelidos do/da alumno/a: _____

DNI do/a alumno/a: _____

Sinatura do/da alumno/a (no caso de ter 14 anos ou máis):

Nome e apelidos do/da pai/nai ou titor/a: _____

DNI do pai/nai ou titor/a: _____

Data: _____

Sinatura do/a pai/nai ou titor/a: